



Otero Tovar, Olga (coord.). *Manuel Gallego, arquitectura 1969-2015, del 18 de noviembre de 2015 al 10 de abril de 2016= do 18 de novembro de 2015 ao 10 de abril de 2016*. [A Coruña]: Fundación Barrié, 2015. ISBN 978-84-9752-136-9

Signatura en biblioteca: **G 72 GAL man**

*Siempre me atraeu o silencio, a ausencia de ruído que considero necesaria para a creación. Refírome ao que Valente chama o “silencio primixenio”, próximo á orixe de toda creación. Quizais por iso me interesan as arquitecturas silenciosas, hoxe difíciles de entender, rodeados como estamos de tanto ruído informativo. Cheguei a pensar que amar hoxe o silencio é un acto subversivo. Creo que toda creación debe ter algo de rebelión contra o que nos rodea, de intención de subverter o que consideramos habitual. Para iso, tense que partir en principio dunha actitude crítica co que nos rodea, hai que esquecerse de ser compracente.* [Manuel Gallego, p. 282]

Publicación co gallo da exposición co mesmo título organizada pola Fundación Barrié. Nela repásase a traxectoria profesional de Manuel Gallego desde o ano 1969 ata 2015. Arquitecto pola Escuela Técnica Superior de Arquitectura de Madrid (1963), complementa desde ese momento o exercicio da súa profesión e o do ensino. Gañador de numerosos premios e distincións entre os que figura o Premio Nacional de Arquitectura do ano 1997 e do ano 2018.

Neste catálogo recópíase información da súa obra proxectada e executada neses anos. Cada unha delas acompáñase dunha introdución do propio Manuel Gallego na que fai unha breve explicación de cal foi o contexto e as circunstancias externas que condicionaron as súas decisións, cales foron os obxectivos e como se formulou a construción e a súa integración no espazo circundante. Todo isto acompañado de planos e numerosas fotografías en cor de excelente calidade.

Entre os seus proxectos hai tanto construcións de carácter privado como público, situadas en contextos variopintos e con distintas funcionalidades, o que leva ao arquitecto a unha reflexión sobre as formas e as arquitecturas e a súa forma de *implantarse e colonizar o espazo* [p.19]

Entre os seus traballos figura o proxecto e execución da reforma do edificio do Banco de España (2008-2012) situado na Praza das Praterías en Santiago de Compostela para adaptalo como sede do **Museo das Peregrinacións e de Santiago**.

Obra presentada:

**22 Vivenda unifamiliar. Corrubedo**

**30 136 vivendas en Vite**

**40 Vivenda unifamiliar. O Carballo. Oleiros**

**54 Vivenda e estudio para un pintor. Illa de Arousa**

**60 Casa da Cultura. Valdoviño**





**70 Museo de Arte Sacro. A Coruña**

**82. Vivendas unifamiliares en San Pantaleón. Paderne**

**92 Casa da Cultura. Chantada**

**102 Vivenda unifamiliar. Veigue**

**114 Museo de Belas Artes. A Coruña**

**132 Actuacións na Illa de Arousa**

- 134 Edificio do Concello
- 142 Rehabilitación Fábrica Goday e peirao de madeira
- 144 Centro Sociocultural

**150 Edificios para institutos de investigación. Santiago de Compostela**

**164 Centro de saúde. Viveiro**

**172 Facultade da Área das Ciencias Sociais. A Coruña**

**186 Piscina cuberta. Chantada**

**196 Complexo Presidencial de Galicia**

**208 Complexo Cultural Álvaro Cunqueiro. Mondoñedo**

**222 Edificio Administrativo Xunta de Galicia. Campolongo. Pontevedra**

**234 Lonxa de Lira. Carnota**

**244 Centro Cívico e Social. Ourense**

**252 Centro de Novas Tecnoloxías. Ourense**

**256 Museo do Papel. O Carballiño**

**266 Museo das Peregrinacións e de Santiago. Santiago de Compostela**

